



D E C R E T O.- Ourense, 14 de outubro de 2015.

Unha vez visto, que figura vacante, tendo en conta a renuncia realizada por don César Manuel Fernández Gil, dentro da plantilla de persoal eventual desta Deputación a seguinte praza:

-Servizo de Presidencia, dentro do Gabinete de Presidencia: **Asesor de Política Cultural**. Número de postos: 1. Clase de persoal: persoal eventual asimilado ao subgrupo C1. Complemento de destino: nivel 19. Complemento específico: 12.033,00 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Nomear como persoal eventual desta Deputación Provincial a don Aurelio Gómez Villar con NIF 34932702A, coa categoría de Asesor de Política Cultural asimilado ao subgrupo C1, aboándosele as pertinentes retribucións con cargo aos orzamentos desta Corporación e debendo tomar posesión do referido cargo, con efectos do 14 de outubro de 2015.

2.- Publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Mándao e asínao o Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial de Ourense, don José Manuel Baltar Blanco. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,